

**RESOLUCIÓN do 22 de Marzo de 2023, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un curso de formación de observadores a bordo.**

O Decreto 50/2021, do 1 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, atribúelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro as competencias na programación, xestión e execución do desenvolvemento pesqueiro.

O Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), establece no seu artigo 6, as prioridades da Unión Europea para contribuír á estratexia Europa 2020 e á aplicación da política pesqueira común, en conexión cos obxectivos temáticos enumerados no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns aos fondos europeos. Neste sentido o obxectivo temático 6 consiste en “conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos”. Por outro lado a prioridade 1 do artigo 6 de citado Regulamento (UE) nº 508/2014 fai mención a “fomentar unha pesca sostible dende o punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopa: “ a redución do impacto da pesca no medio mariño, o que incluírá evitar e reducir, na medida do posible, as capturas non desexadas; a protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos; o equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca dispoñibles; o fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca, con inclusión da pesca costeira artesanal e mellora das condicións de seguridade e traballo; o apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluído o aumento da eficiencia enerxética e a transferencia de coñecementos, e o desenvolvemento da formación profesional, de novas competencias profesionais e da formación permanente».

O artigo 28 do mencionado Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, referido ás asociacións entre o sector da investigación e o sector pesqueiro, establece que, coa finalidade de fomentar a transferencia de coñecementos entre o sector da investigación e o sector pesqueiro, o FEMP poderá



conceder axudas, tanto á creación destas redes ou asociacións, como ás actividades realizadas no marco delas.

Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en adiante a Rede, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

A Rede configúrase como un órgano colexiado dos previstos na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e adscríbese á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, recaendo a súa presidencia na directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Na xuntanza de constitución da citada Rede, celebrada o día 7 de setembro de 2022, realizouse a presentación do Programa de Seguimento Científico para a Xestión da Pesca de Baixura na Comunidade Autónoma actualmente executado dentro da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, propoñendo a súa ampliación como actividade a ser desenvolvida baixo o amparo da Rede.

A Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB) como parte integrante do Servizo de Planificación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, realiza unha parte da función de seguimento dos recursos naturais, mediante a recollida de datos en buques que faenan nas tres zonas oceanográficas (nove administrativas) das augas interiores galegas, desenvolvida por un equipo de observadores pesqueiros a bordo, que forma parte do persoal do devandito servizo.

Debido á especificidade das tarefas a realizar, considérase adecuada a realización dun curso no que se forme nestas actividades, coa finalidade de crear unha bolsa de persoas cualificadas e dispoñibles para realizar as funcións de observación a bordo, que permita complementar ao actual equipo, para o caso de existir necesidades específicas e puntuais, non susceptibles de planificación previa e posibilite a extensión das súas funcións, se é preciso, de forma non permanente. A realización da formación e creación da bolsa de traballadores, foi aprobada na xuntanza ordinaria da Rede, celebrada o 10 de outubro de 2022.



Por todo o exposto,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

Convocar un curso de formación de observadores en pesca de baixura que os capacite para a realización das tarefas de mostraxe a bordo en actividades pesqueiras, que permitan a recollida de datos, que unha vez analizados, dará lugar a unha información de calidade que poderá ser utilizada por todos os integrantes da Rede. As persoas participantes no curso e que obteñan un nivel de aproveitamento satisfactorio, inscribíranse nun rexistro que dependerá da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, sendo responsable do seu mantemento o servizo con atribucións na avaliación e seguimento dos recursos mariños naturais e da actividades pesqueira.

Este curso poderá ser financiado nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020, na medida 1.5.2 conforme ao artigo 28 do Regulamento (UE) 508/2014.

Segundo. *Destinatarios/as*

Poderán participar no curso as persoas en posesión das titulacións académicas de licenciatura ou grao de bioloxía e ciencias do mar, en situación laboral de desemprego ou en activo que non presten servizos nas administracións públicas e outras entidades oficiais.

Os participantes deberán estar en posesión do título Celga 3 ou do título equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 30 de xullo).

Asemade, os participantes deberán estar en posesión do carné de conducir B.

Terceiro. *Organización*



1. O número de prazas máximo admisible será de 20 persoas.

2. A duración do curso será de 60 horas lectivas, 50 on line e 10 presenciais, distribuídas en tres módulos:

2.1. Introducción á observación pesqueira:

1. Nocións básicas de xestión pesqueira.
2. Tipos de buques e artes de pesca.
3. Caladoiros, OROP, frotas e especies principais de interese pesqueiro.
4. Normativa básica pesqueira.

2.2. O observador pesqueiro: requisitos e responsabilidades

1. Tipos de observadores pesqueiros
2. Material de traballo e equipamento básico
3. Vida a bordo: nocións básicas
4. Traballo a bordo: nocións básicas.

2.3 Metodoloxía de observación pesqueira

1. Datos básicos do buque e da marea
2. Artes e/ou aparellos
  - a. Características técnicas
  - b. Medición das pezas de material rixido que compoñen o arte/aparelo.
  - c. Medición do grosor do torzal e luz de malla.
3. Lance: datos de largada e virada.
4. Captura retida: tipos de mostraxes.



- a. Censo: identificación de todos os individuos retidos
  - b. Mostraxe: selección aleatoria dunha porción da captura total
  - c. Datos de captura
5. Captura non retida: tipos de mostraxes.
- a. Censo: identificación de todos os individuos non retidos
  - b. Mostraxe: selección aleatoria dunha porción da captura total
  - c. Datos de individuos non retidos
6. Mercado
7. Interacción da actividade pesqueira co ecosistema mariño

#### 2.4 Prácticas:

1. Identificación de especies pesqueiras e determinación dos parámetros principais.
2. Identificación de artes/aparells
2. Bases de datos e informes técnicos.
3. A parte presencial do curso terá lugar en Santiago de Compostela.
4. As datas previstas de realización están comprendidas entre o 17 de abril e o 31 de maio de 2023.
5. Terá lugar en sesións de mañá e tarde.

A asistencia ás sesións presenciais do curso, incluíndo as prácticas, será en todo caso obrigatoria. As persoas que incumpran o antedito, perderán o dereito ao certificado de participación do curso e a ser inscritas no rexistro de Observadores pesqueiros.



A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

#### Cuarto. *Selección de aspirantes*

Á vista do currículo presentado por cada aspirante, o Servizo de Planificación realizará unha preselección deles. O baremo que se empregará basearase nos seguintes criterios:

1. Titulacións académicas diferentes á aquela pola que se accede á convocatoria:  
20 puntos:

1.1. Segunda titulación universitaria de grao superior ou equivalente á esixida como requisito de acceso: 20 puntos.

1.2. Segunda titulación universitaria de grao medio ou equivalente: 10 puntos.

2. Situación laboral, ata un máximo de 15 puntos:

2.1. Desempregado: 0.25 puntos por cada mes completo en situación de desemprego nos últimos cinco anos anteriores a convocatoria.

3. Experiencia profesional en actividades de observación científica en pesca, ata un máximo de 25 puntos:

3.1. Por cada mes en activo: 1 punto.

4. Experiencia profesional en outras actividades de pesca ou marisqueo, ata un máximo de 10 puntos:

4.2. Por cada mes en activo: 0.5 puntos.

5. Experiencia profesional noutras actividades a bordo, ata un máximo de 5 puntos:

5.2. Por cada mes en activo: 0.25 puntos.



6. Grao de coñecemento do idioma galego, ata un máximo de 2.5 puntos (só se valorará o nivel máximo acadado):

6.1. Celga IV: 1.25 puntos.

6.2. Celga V: 2.5 puntos.

7. Cursos de formación complementaria, relevantes para o exercicio da actividade obxecto desta convocatoria, ata un máximo de 7.5 puntos:

7.1. Por cada curso de duración igual ou superior a 50 horas: 0.5 puntos.

Aplicado o citado baremo, a lista provisional de aspirantes farase pública na páxina web da Consellería do Mar. Contra a citada lista as persoas interesadas poderán interpoñer reclamacións no prazo de 10 días naturais ante a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Transcorrido ese prazo e examinadas as reclamacións, se as houberse, elaborárase a lista definitiva que será exposta nos lugares sinalados no punto anterior. As persoas que estean nos vinte primeiros postos da lista definitiva serán as admitidas para realizar o curso e as seguintes persoas constituirán unha lista de reserva por orde de puntuación por si houbera algunha vacante antes de cumprirse o 10% do curso.

Cando unha persoa das seleccionadas para realizar o curso non poda asistir deberá comunicalo por escrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ao fin de poder cubrir as vacantes do curso.

#### Quinto. *Presentación de solicitudes*

As solicitudes deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, (PR004A) de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, dirixido a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, achegando o formulario que aparece xunto estas bases (Anexo I).



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Xuntaráselle á solicitude a seguinte documentación:

- Anexo I.
- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Copia da titulación académica pola que se accede á convocatoria (punto segundo).
- Acreditación do grao de coñecemento do idioma galego (puntos segundo e cuarto 6).
- Copia do carné de conducir B ou superior (punto segundo).
- Copia da titulación académica diferente a aquela pola que se accede á convocatoria, se é o caso (punto cuarto 1).
- Acreditación da situación de desemprego nos anos anteriores á convocatoria, se é o caso. (punto cuarto 2).
- Acreditación da experiencia profesional en actividades de observación científica en pesca, se é o caso (punto cuarto 3).
- Acreditación da experiencia profesional noutras actividades de pesca ou marisqueo, se é o caso (punto cuarto 4).
- Acreditación da experiencia profesional noutras actividades a bordo, se é o caso (punto cuarto 5).
- Copia dos cursos de formación complementaria relevantes para o exercicio da actividade obxecto desta convocatoria, se é o caso (punto cuarto 7).





Os datos que non se acrediten debidamente non se valorarán no proceso de selección. Para acreditar a situación laboral será necesaria a presentación dun certificado oficial da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A documentación complementaria poderá presentarse electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días (20) naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

#### Sexto. *Consentimentos e autorizacións*

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar



esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais das persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal).

#### Sétimo. *Certificados de aptitude*

Ao remate do curso expedirase un certificado de aptitude ás persoas participantes que superasen con aproveitamento o curso de acordo coa avaliación do equipo de profesores. O dito certificado terá validez ante a Consellería do Mar como documento acreditativo da súa capacitación profesional para desempeñar a actividade de observación a bordo para tarefas de investigación.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Susana Rodríguez Carballo

Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

